

ISSN - 1136-0291

CONSELLO DA CULTURA GALEGA



PONENCIA DE CULTURA GALEGA NO EXTERIOR

Mulleres e emigración na historia contemporánea de Galicia,
1880-1930

As remesas dos emigrantes na modernización da economía
española trala crise colonial (1898-1913)


A oralidade e a escritura na construción do social





A emigración rioxana á América (1880-1936)


ESTUDIOS MIGRATORIOS



N.º 6 / Decembro 1998







AS REMESAS DOS EMIGRANTES NA MODERNIZACIÓN DA ECONOMÍA ESPAÑOLA TRALA CRISE COLONIAL (1898-1913)

Jordi Maluquer de Motes

moderna banca mixta, o inicio da transformación mecánica e química das tecnoloxías agrícolas e un importante fenómeno de diversificación da produción industrial e terciaria, tanto en perspectiva sectorial como territorial².

O motor do rápido proceso de recuperación trala derrota militar de 1898 reside nun investimento extraordinariamente expansivo. A partir de 1899, o crecemento do investimento, fenómeno xa de antigo bautizado como auxe finisecular, alimentouse de diversos fluxos de recursos desde o exterior. Un deles corresponde á entrada de capital estranxeiro e outro á mal chamada repatriación de capitais; é dicir, ós envíos de fondos dos españois residentes en Cuba, Porto Rico e Filipinas motivados polo cesamento da soberanía española.

Ademais destes dous factores -investimento estranxeiro directo e retornos desde as colonias-, un terceiro fluxo contribuíu a forxa-lo auxe finisecular a raíz das guerras coloniais e da súa conclusión. Trátase das remesas que efectuaban os emigrantes españois no estranxeiro. Neste estudio imos explorar os condicionantes desas remesas e o cálculo económico do emigrante, para acabar analizando as magnitudes das remesas antes e despois das guerras coloniais e as causas do seu crecemento.


OS CONDICIONAN- TES DAS REMESAS

Convén aclarar, en primeiro lugar, que o concepto de remesas adquire aquí un significado distinto e moito máis amplo có que se lle concede na terminoloxía normalizada polo Fondo Monetario Internacional para as Balanzas de Pagamentos dos distintos países. Enténdese actualmente por remesas e transferencias dos emigrantes o conxunto dos envíos, xeralmente de limitada contía, que efectúan os emigrantes ós seus países de orixe para o sostemento das súas familias ou para calquera outra finalidade semellante.

En varias publicacións recentes distintos historiadores insistiron en sinalar que a crise provocada pola derrota militar de 1898 non produciu un impacto especialmente negativo sobre a economía española¹. En cambio, compróbase un vigoroso arranque da modernización económica nos anos inmediatamente seguintes ó conflito. Este movemento manifestouse na grande expansión das institucións financeiras, coa aparición da

1. MALUQUER DE MOTES (1996) e (1998); GÓMEZ MENDOZA (1997).

2. MALUQUER DE MOTES (1987).



As remesas dos emigrantes...

No presente traballo, en cambio, o termo remesa emprégase, coma na época mesma, para designa-los pagamentos de todo tipo feitos en España “por razón de ahorros, realización de fortunas, rentas cobradas y participación de negocios en América”³. É dicir, as remesas dos emigrantes, en efecto, pero tamén calquera outra clase de transferencias privadas e rendas de investimento.

A contía das transferencias dos emigrantes ou dos traslados de rendas de investimento ó país de orixe do titular da mesma depende de moitos factores distintos. Un primeiro conxunto de condicionantes sitúase na importancia cuantitativa da emigración, a taxa de actividade dos grupos de emigrantes, o grao de cualificación profesional media do grupo e os niveis salariais nos países de acollida. Outra serie de datos relaciónase coas expectativas dos emigrantes e os seus proxectos concretos de regreso ó seu país de orixe. Da combinación de todos estes factores resulta cada ano o volume real de recursos remitidos.

A emigración española a América foi relativamente reducida, en comparación coa doutros países europeos, e moi concentrada cara ás Antillas durante a maior parte do século XIX. Pero adquiriu dimensións moito maiores desde o comezo da década de 1881-1890, baixo a presión da grande crise agrícola e pecuaria daquela década, e dirixiuse cara a novos destinos. O máis importante de todos foi a República Arxentina seguido, aínda que con moita diferenza, por Brasil, Uruguai, Chile e México.

A primacía correspondía, desde logo, á Arxentina⁴: en 1898 había 198.685 españois censados, un 50% máis que na Cuba colonial. Só en Bos Aires residían 80.352, unha cifra que colocaría á capital porteña na décima posición da lista das maiores cidades españolas, tras Madrid, Barcelona e moi poucas máis⁵.

Cuba deixara de se-lo principal destino da emigración hispana. O total de inmigrantes españois rexistrados no censo de 1899 ascendía a 129.240, o que supoñía o 8,2% da totalidade da poboación da illa nese primeiro ano de paz trala Guerra de Independencia (1895-1898). Había entre eles practicamente cinco homes por cada muller, posto que a relación de masculinidade era de 492,2 varóns por cada 100 femias⁶.

Na República Oriental do Uruguai contábanse, en marzo de 1901, 61.424 españois, máis da metade dos cales -concretamente 36.204- residían no departamento de Montevideo. Nos departamentos de Campaña, os maiores continxentes concentrábanse en Canelones (6.839) e San José (4.146)⁷.

3. SANZ Y ESCARTÍN (1905), p. 37.

4. SÁNCHEZ ALONSO (1992).

5. Só estas dúas cidades superaban o medio millón de habitantes e Valencia os 200.000. O resto -entre 150.000 e 80.000- incluía a Sevilla, Málaga, Murcia, Zaragoza e Cartaxena.

6. MALUQUER DE MOTES (1992).

7. Estas cifras proceden do censo dos departamentos de Campaña elaborado pola Comisión Nacional do Censo o 1 de marzo de 1900 e dunha estimación para o departamento de Montevideo que parte do dato do censo de 1889 (32.645 españois) e actualizado mediante o engadido das entradas de 1890 a 1899 e a subtracción das saídas e dos falecementos no mesmo lapso.

Brasil recibiu 209.100 entradas de españois entre 1882 e 1899⁸. Moitos deles retornaron, sen dúbida, a España e quizais outros tantos reemigraron a Arxentina. Pero en 1899 podían permanecer uns 100.000 inmigrantes, a maioría deles no estado de São Paulo. Chile e Perú sumaban conxuntamente arredor de 70.000 inmigrantes hispanos. México reunía en 1899, probablemente, uns 15.000 residentes españois, cos maiores continxentes concentrados no Distrito Federal e, en menor medida, en Veracruz⁹. Os inmigrantes nos Estados Unidos acercábanse a 10.000. Cantidades xa moito menores dispersábanse entre Porto Rico e as demais repúblicas hispanoamericanas.

O total dos emigrantes españois en América, en 1899, cifraríase nun mínimo de 600.000. O meu cálculo se pecha en conservador. Unha estimación realizada na época, e presentada no Congreso Internacional de Estatística de Roma, obtivo un total de 489.582 inmigrantes españois na América independente. A iso habería que sumar aínda os españois residentes en Cuba e Porto Rico, que probablemente non baixarían de 150.000. En total, uns 35.000 máis que nos meus propios datos. O detalle destoutra estimación é o seguinte: Arxentina 200.000, Brasil 112.520, Uruguai 73.891, Chile 40.000, Perú 30.000, México 18.200, Estados Unidos e Canadá 9.000, El Salvador 2.506, Paraguai 1.280, Ecuador 710, Santo Domingo 400, Costa Rica 320, Nicaragua 295, Guatemala 200 e Honduras 190¹⁰.

O grao de éxito económico que alcanzaron os inmigrantes españois foi moi grande en México, onde formaban a maior colonia estranxeira¹¹. Nas repúblicas sudamericanas parece que foi significativamente menor có conseguido polos italianos, grupo migrante anterior e máis numeroso, pero nada desprezable.

Os datos dispoñibles para o caso de Uruguai son bastante notables. En 1900 había alí entre os españois 9.200 propietarios de terras, cun patrimonio estimado de 31.374.000 pesos, e 4.210 comerciantes, con 12.804.000 pesos, o que totalizaría uns 300 millóns de pesetas correntes. O resto da colonia española estaba integrada por empregados e asalariados, moitos deles no ferrocarril central e no porto, ós que se estimaba unha renda anual conxunta duns 110 millóns de pesetas correntes¹².

Ademais destes emigrantes con residencia permanente, algúns países recibiron anualmente continxentes importantes de traballadores estacionais, no fluxo coñecido como emigración andoriña. Tratábase fundamentalmente de traballadores agrícolas que se contrataban na recolección do trigo e na zafra do azucre de Arxentina e de Cuba e que regresaban a España cos aforros da campaña.

8. KLEIN (1996), p. 150.

9. LIDA (1994), p. 30 e 38.

10. *La España* (Montevideo), 10 de novembro de 1897.

11. PÉREZ HERRERO (1981); LIDA (1994); CERUTTI (1995).

12. *La España*, 28 de abril de 1900.

As remesas dos emigrantes...

O CÁLCULO ECONÓMICO DO EMIGRANTE

O emigrante, en especial o emigrante temporal, mostra un comportamento particular e distinto ó dos demais traballadores tanto no que se refire ó propio traballo como ó destino dos seus ingresos.

A intensidade da incorporación ó traballo da poboación inmigrante é moi alta. De feito, a razón de ser mesma da emigración é o traballo, sen o cal todo o proceso migratorio perde sentido. Ademais, a poboación inmigrante adoita estar formada maioritariamente por varóns novos en idade de incorporarse ó traballo. Por ámbolos motivos, as taxas de actividade resultan en xeral moi elevadas.

A propia poboación española residente en Cuba servirá de ilustración, con base no censo de poboación do ano 1899. Entre o conxunto dos residentes españois contábanse 106.021 activos. Isto supón que a taxa de actividade do grupo español ascendía ó 82,0% mentres que a propia taxa para a totalidade da poboación da illa se situaba moi por debaixo, aínda que nun xa elevado 46,3%¹³.

Isto configura a poboación inmigrante cunha taxa de dependencia, ou proporción de inactivos por cada activo empregado, moi baixa¹⁴ e implica un gasto familiar de consumo moito menor que entre as familias crioulas e un maior aforro. Así pois, na illa, en igualdade de remuneración media do traballo, os ingresos por habitante serían case un 80% máis altos entre os españois que entre os crioulos pola simple razón de que traballaba unha proporción moito maior dos membros do grupo.

Non é esa a única razón da magnitude do aforro entre os traballadores estranxeiros nun país calquera. Existen outros motivos que proceden do moi particular cálculo económico do migrante. Para el, en efecto, o aforro non é o residuo entre o seu ingreso e o seu consumo senón aquel elemento que trata de maximizar. Á inversa do que acontece no caso dun traballador normal, a determinación do consumo realízase, dentro de certos límites, de modo residual xa que a busca dun aforro permanente explica o comportamento específico do emigrante como consumidor.

A pensión ó aforro dos migrantes en conxunto tende a ser significativamente superior á da poboación autóctona das mesmas categorías de ingreso. Sen embargo, os comportamentos individuais son bastante distintos. Unha das variables máis decisivas na súa configuración é a duración do período de permanencia no país de inmigración. Unha segunda variable que determina o comportamento do migrante en canto ó gasto é o seu estado civil e as cargas familiares para cubri-las necesidades correntes do grupo.

13. MALUQUER DE MOTES (1992), p. 134.

14. En realidade, a taxa de dependencia adoita ser moito maior do que os datos aparentan posto que os membros dependentes da familia poden permanecer no país de procedencia. Xustamente, esa circunstancia é a que produce o fluxo dos envíos familiares.

A PROPENSIÓN A TRANSFERI-LO AFORRO

O fluxo das achegas percibidas polo país de emigración, España no noso caso, depende do número dos emigrantes activos no exterior e da propensión media a transferi-lo aforro ó seu país de orixe. O volume das transferencias que, de media, realiza cada un dos migrantes relaciónase coa duración media do ciclo migratorio.

Convén distinguir tres situacións que dan lugar a pautas ben diferenciadas: as ganancias dos traballadores estacionais, as remesas en sentido estricto -é dicir, as sumas que o emigrante remite á súa familia para a satisfacción das necesidades correntes- e as transferencias de aforro. Cada unha delas calla en resultados distintos:

1) No caso dos emigrantes estacionais, a contía do seu ingreso depende da demanda de traballo no país de inmigración e da ganancia ou salario neto -remuneración efectiva menos gastos de desprazamento e de mantemento- que se percibe no sector da economía ó que se dirixe, normalmente a agricultura. Regularmente o traslado do seu aforro a España é realizado directamente por parte do traballador e, polo tanto, o seu importe non queda incluído nas distintas estimacións sobre as remesas bancarias da emigración.


2) No que se refire ós envíos familiares, o dato definitorio esencial é o tipo de emigración. A cota do ingreso remitida será directamente proporcional á carga familiar restante no país de orixe e inversamente proporcional á carga familiar presente no país de inmigración. Eventualmente, terá que ver coa estratexia de emigración: o aforro pode ser empregado no traslado da familia restante.

3) A decisión de realizar calquera outro tipo de transferencias de aforro ó país de orixe ou de colocalo nas entidades financeiras dos países de inmigración depende de factores de tipo especulativo. Fundamentalmente son dous¹⁵. O primeiro, a evolución do tipo de cambio entre a moeda do país de inmigración e a do país de emigración. O segundo, o diferencial de remuneración dos depósitos bancarios en ámbolos países.

O tipo de cambio é o elemento de maior importancia, sobre todo en condicións de estabilidade dos tipos de xuro dos dous países. A previsión dunha desvalorización da moeda do país de orixe inducirá ós emigrantes a conserva-lo seu propio aforro no país de inmigración. As expectativas de revalorización da moeda do seu país de procedencia, en cambio, deben promover transferencias xeneralizadas.

Aínda no caso do retorno e, polo tanto, da fin da migración, poden percibirse réditos da mesma en forma de rendas de investimento. O emigrante con frecuencia decide conserva-lo seu capital, ou unha parte del, no país de inmigración aínda despois de abandonalo, por razón de maiores expectativas de

15. Hai excepcións que non teñen que ver coa vontade de quen decide a transferencia, como nos legados testamentarios. Por exemplo, Juan Rey faleceu en Orizaba (México) o 25 de xaneiro de 1898 e deixoulle predios en Veracruz e outros bens por valor de 105.800 pesos, bastante máis de medio millón de pesetas da época, ó Hospital Xeral de Santiago de Compostela.



As remesas dos emigrantes...


seguridade, estabilidade e rendibilidade. Novamente, unha evolución favorable do tipo de cambio inducirá a transferir-los seus fondos ó país de orixe.

AS REMESAS E AS GUERRAS COLONIAIS

A conxuntura da agricultura exportadora argentina dos últimos anos do século XIX e primeiros do XX propiciou unha intensa emigración estacional aplicada ós labores do cultivo de cereais e integrada principalmente por italianos e españois. Ese foi un dos condutos de recursos de orixe americana cara a España.


On remarque également -escribíase en 1906- qu'il arrive tous les ans d'Europe une nombreuse immigration de moissonneurs, venant gagner de bons salaires, accumuler des économies, et qui ensuite regagnent leur pays, aussitôt après les moissons. Dans le premier semestre de l'année 1905, il entra 100.000 immigrants dans ces conditions, dont 77.000 retournèrent en Europe, en emportant chacun, d'après un calcul du département de l'immigration, environ 150 piastres or, ou 750 francs, soit, en tout, plus de 11 millions de piastres or¹⁶.


Por outra parte, a situación que se produciu en España desde a fin da guerra de Cuba favoreceu unha serie de movementos nas remesas dos emigrantes que explican, en gran parte, a magnitude do ciclo investidor ou auxe finisecular. Para mostra-las razóns deses movementos construímo-la serie dos tipos de cambio quincenais para remesas a España que anunciaban dúas entidades de crédito, o Banco Francés de Montevideo, de Supervielle & Co, e o Banco de España e Río da Prata, nos anos 1894 a 1901¹⁷.



16. MARTÍNEZ e LEWANDOWSKI (1906), p. 94.

17. Os datos están tomados dos rexistros diarios do periódico uruguaio *La España*.





As dúas series recollidas no gráfico corresponden ó número de pesetas que o Banco entregaba por cada peso e, polo tanto, representan o cambio exterior de forma invertida a como sería percibido por un residente en España. O tipo de cambio de equilibrio sería de 5 por 1. As curvas presentan unha pendente de desvalorización da peseta, ou de apreciación do peso, que se acelera continuamente ata alcanza-los seus puntos mínimos no momento de maior gravidade da situación militar para España, en abril de 1898. Tras ese momento de pánico, a seguridade da derrota e da fin da guerra facilitou unha rápida recuperación da peseta despois seguida por unha desvalorización xa moito menor polo resto do período.


Atendendo ós comportamentos esperados, tal como se indicou máis arriba, os emigrantes españois no exterior deberon rete-las súas transferencias ata pouco antes do final da guerra ante o temor da caída de valor dos seus aforros en caso de situálos na Península. Pero actuarían en sentido contrario cando os tipos eran máis baixos, na primavera de 1898, e as expectativas se dirixían cara á apreciación.

Transferi-lo aforro a España con tipos de cambio que se mantiveron baixos durante uns cantos anos permitía transforma-los pesos aforrados nunha suma en pesetas que nunca se podería alcanzar antes nin despois. Endexa-mais chegou a haber mellores condicións para a adquisición de activos en España para quen dispoñía de ingresos en divisas fortes. Isto explica que os envíos dos aforros a España se elevaran desde o segundo semestre de 1898 e nos anos inmediatamente seguintes.

Outro elemento de grande importancia na determinación do súbito incremento das remesas dos emigrantes trala fin das guerras foi o cambio da política española en relación con prófugos e desertores do exército. Gran parte da emigración da segunda metade do século XIX, sobre todo desde as rexións cantábricas cara ás repúblicas do Río da Prata, eran adolescentes dos que as súas familias non podían facerse cargo da redención do servico militar, que esixía o pagamento dunha suma de 1.500 pesetas ou ben de 2.000 se o destino estaba nos territorios de Ultramar.

Tralas guerras coloniais, e con motivo do matrimonio da infanta María de las Mercedes co príncipe Carlos de Borbón, o Goberno dictou un indulto xeral que eximía a prófugos e desertores de toda pena. Os desertores debían servir polo tempo que lles faltara sen recarga ningunha. Os prófugos podían acollerse a indulto e librarse do servico por ter algún de seus pais sesaxenario, por ser declarado inútil ou por alcanzar esa situación no sorteo. Se, en cambio, lles correspondese servir, poderían redimirse co pagamento ordinario de 1.500 pesetas. En calquera desas situacións posibles, ó acollerse ó indulto eran eximidos de toda pena¹⁸.

18. *La España*, 23 de abril e 8 de maio de 1901.



As remesas dos emigrantes...

O impacto que este decreto tivo nos primeiros meses do ano 1901, trala súa promulgación, entre as colonias españolas de Bos Aires ou de Montevideo foi inmenso. O Goberno de Sagasta renovou o indulto en outubro do mesmo ano e concedeu unha ampliación total a primeiros de decembro¹⁹. A consecuencia destas medidas, moitos emigrantes que abandonaran calquera proxecto de retorno cambiaron subitamente as súas expectativas e comezaron a trasladar fondos cara a España.

A baixa do tipo de cambio e as novas circunstancias que afectaban a aqueles que eludiran o servizo militar influíron de forma determinante nas decisións de enviar a España unha parte ou a totalidade do aforro logrado no país de inmigración. Loxicamente, o fluxo de transferencias de aforro dos emigrantes, nesas condicións, puido alcanzar dimensións extraordinarias. Unha vez que se mantivo este comportamento durante algúns anos, debeu quedar moi consolidado. As estimacións de que se dispón, reunidas no cadro que se achega, reforzan esta presunción.

	Remesas dos emigrantes millóns de pesetas	
	(anuais)	(acumuladas)
1890-1895	50	300
1899	135	135
1900	200	200
1901-1905	243	1.215
1906-1910	250/300	1.375
Total		3.225

Fontes: ver texto.

Nos anos anteriores a 1898 as remesas dos emigrantes estimáronse en 50 millóns anuais. O total das mesmas ascendería en 1899, en cambio, a 135, máis do dobre daquela suma: 80 millóns entre Arxentina, Uruguai e Paraguai, 25 do resto das repúblicas iberoamericanas, 20 de Cuba e Porto Rico e 10 de Alxeria²⁰. En 1900 elevaríanse a 200 millóns en total²¹. De media anual para 1901-1905 sumarían 180 millóns de pesetas ouro ou 243 pesetas

19. *La España*, 14 de outubro e 16 de decembro de 1901.

20. Fomento do Traballo Nacional: "La cuestión de los cambios", *El Trabajo Nacional*, 245 (30 de xullo de 1901), pp. 51-61. As remesas totais deste ano e os envíos de Arxentina, Uruguai e Paraguai, tomados desta mesma fonte, eleváronse, por error de transcripción, a 235 e 180 millóns respectivamente en VICENS VIVES (1960), p. 655, e CHAMORRO (1976), p. 153.

21. THÉRY (1901).

correntes, distribuídas entre 100 millóns de pesetas ouro para Arxentina, Uruguai e Paraguai, 30 de México, 30 de Cuba e Porto Rico, 15 das restantes repúblicas iberoamericanas e 5 dos Estados Unidos²².

Todo iso implicaría unha cifra situada entre 200 e 250 millóns de pesetas correntes por ano desde 1899 a 1905. A estimación das remesas dos emigrantes para 1906-1910, a criterio de Labra, aínda estaría algo por riba, concretamente entre 250 e 300 millóns²³. Todos estes cálculos efectuáronse con certa prudencia e atendendo a informacións de orixe bancaria²⁴.

Está claro que deben tomarse con moita cautela, pero non parece dubidoso que, para os contemporáneos, resultaba verosímil unha entrada de entre 2.500 e 3.500 millóns de pesetas correntes -quizais 2.900 millóns- desde 1899 ata 1910²⁵. De aceptárense estas cifras, poderíase afirmar que o fluxo das remesas dos emigrantes nos doce anos que seguiron ó desastre de 1898 alcanzaron unha magnitude moi próxima ó gasto efectivo total provocado polas guerras.

Deducindo do total máis probable duns 2.900 millóns de pesetas os envíos procedentes das Antillas -a suposta repatriación de capitais- aínda quedaría un total superior ós 2.000 millóns de pesetas. Algo que superaba moi amplamente a contía de calquera dos demais fluxos de recursos exteriores que recibiu a economía española no período posterior á crise de 1898.

CONCLUSIÓNS

A rápida recuperación que experimentou a economía española trala crise de 1898, motivada pola guerra cos Estados Unidos de América e a derrota na mesma, apoiouse nunha forte entrada de recursos desde o exterior. Os retornos desde as colonias perdidas e o investimento estranxeiro directo contribuíron dun modo importante a alimentar esas correntes de entrada de recursos. Pero foi moito máis decisiva aínda a achega que agrupamos baixo o rótulo de remesas de emigrantes e que constituía para España a contrapartida económica da emigración ó estranxeiro, moi principalmente a América Latina.

A colonia española en América Latina cara a 1900 pode estimarse nuns 600.000 individuos, a inmensa maioría deles eran homes en idade de traballar. O grupo máis numeroso estaba en Arxentina, seguido polos de Cuba, Brasil e Uruguai. Outros países como México rexistraban un número menor de residentes españois pero cun grao de éxito económico moi sobresaliente. Nos anos seguintes, a emigración española creceu a maior ritmo que nunca.


A baixa cotización da peseta e, puntualmente, a lexislación relativa a pró-

22. SANZ Y ESCARTÍN (1905).

23. LABRA (1915).




24. GARCÍA LÓPEZ (1992), pp. 125-127.

25. As estimacións que presentamos nos parágrafos precedentes son coherentes cos datos compilados por VÁZQUEZ (1988), pp. 96-97.




As remesas dos emigrantes...

fugos e desertores alentaron as decisións de remitir a España non só os envíos familiares tradicionais senón cantidades moito maiores, que se clasifican na terminoloxía convencional do FMI como “outras transferencias privadas” e “rendas de investimento”. A contía destas remesas entre 1899 e 1913 foi de importancia maior -aproximadamente o dobre- cá dos outros dous fluxos identificados ós que se lles estaba dando ata agora todo o protagonismo. As rendas da emigración, en fin, contribuíron en moita maior medida a forxar un vigoroso fluxo de recursos que impulsou a intensa recuperación trala crise colonial.



BIBLIOGRAFÍA

- CERUTTI, Mario: *Empresarios españoles y sociedad capitalista en México (1840-1920)*. Colombres, Archivo de Indianos, 1995.
- CHAMORRO, Santiago: "Bosquejo histórico de la Balanza de Pagos de España". *Información Comercial Española*. 517 (1976), pp. 151-159.
- GARCÍA LÓPEZ, José Ramón: *Las remesas de los emigrantes españoles en América. Siglos XIX y XX*. Xixón, Júcar, 1992.
- GÓMEZ MENDOZA, Antonio: "Del 'desastre' a la modernización económica". En FUSI, J. P. e NIÑO, A. (eds.): *Vísperas del 98. Orígenes y antecedentes de la crisis del 98*. Madrid, Biblioteca Nueva, 1997, pp. 75-84.
- KLEIN, Herbert: *La inmigración española en Brasil (siglos XIX y XX)*. Colombres, Fundación Archivo de Indianos, 1996.
- LABRA, Rafael María de: *La personalidad internacional de España*. Madrid, Est. Tip. de Jaime Ratés, 1915.
- LIDA, Clara (ed.): *Una inmigración privilegiada. Comerciantes, empresarios y profesionales españoles en México en los siglos XIX y XX*. Madrid, Alianza, 1994.
- MALUQUER DE MOTES, Jordi: "De la crisis colonial a la guerra europea: veinte años de economía española". En NADAL, J.; CARRERAS, A. e SUDRIÀ, C. (compils.): *La economía española en el siglo XX. Una perspectiva histórica*. Barcelona, Ariel, 1987, pp. 62-104.
- MALUQUER DE MOTES, Jordi: *Nación e inmigración: los españoles en Cuba (ss. XIX y XX)*. Xixón, Júcar, 1992.
- MALUQUER DE MOTES, Jordi: "La financiación de la guerra de Cuba y sus consecuencias sobre la economía española. La deuda pública". En NARANJO, C.; PUIG-SAMPER, A. e GARCÍA MORA, L. M. (eds.): *La Nación Soñada: Cuba, Puerto Rico y Filipinas ante el 98*. Aranzue, Doce Calles, 1996, pp. 317-329.
- MALUQUER DE MOTES, Jordi: "Las consecuencias económicas de las guerras de 1898". *Revista de Occidente*. 202-203 (marzo 1998), pp. 264-277.
- MARTÍNEZ, Albert B. e LEWANDOWSKI, Maurice: *L'Argentine au XX^e siècle*. París, Armand Colin, 1906.
- PÉREZ HERRERO, Pedro: "Algunas hipótesis de trabajo sobre la inmigración española a México: los comerciantes". En LIDA, C. (ed.): *Tres aspectos de la presencia española en México durante el Porfiriato*. México, El Colegio de México, 1981.
- SÁNCHEZ ALONSO, Blanca: *La inmigración española en Argentina. Siglos XIX y XX*. Xixón, Júcar, 1992.
- SANZ ESCARTÍN, Eduardo: *La moneda y el cambio en España, con un apéndice acerca de las subsistencias en su relación con la moneda*. Madrid, Impr. de M. García, 1905.







As remesas dos emigrantes...

THÉRY, Edmond: *Le problème du change en Espagne*. París, L'Économiste Européen, 1901.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro: "La emigración gallega. Migrantes, transportes y remesas". En SÁNCHEZ-ALBORNOZ, N. (compil.): *España hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*. Madrid, Alianza, 1988, pp. 80-104.

VICENS VIVES, Jaime: *Manual de Historia Económica de España*. Barcelona, Ed. Vicens Vives, 1960.





Jordi Maluquer de Motes

Resumo

AS REMESAS DOS
EMIGRANTES NA
MODERNIZACIÓN DA
ECONOMÍA ESPAÑOLA
TRALA CRISE COLONIAL
(1898-1913)

Jordi Maluquer de Motes

A crise producida polas guerras coloniais de fin de século (1895-1898) e a derrota final fronte a Estados Unidos foi seguida dunha rápida e intensa recuperación económica. As remesas dos emigrantes españois no exterior, alentadas polas expectativas de apreciación da peseta tralo afundimento bélico e o indulto para prófugos e desertores, impulsaron a expansión económica. As remesas foron moito máis importantes que a repatriación de capitais das antigas colonias e que o investimento de capital estranxeiro.

Palabras clave: economía das migracións, remesas, fluxos internacionais de transferencias.

Resumen

LAS REMESAS DE LOS
EMIGRANTES EN LA
MODERNIZACIÓN DE LA
ECONOMÍA ESPAÑOLA TRAS
LA CRISIS COLONIAL
(1898-1913)

Jordi Maluquer de Motes

La crisis producida por las guerras coloniales de fin de siglo (1895-1898) y la derrota final frente a Estados Unidos fue seguida de una muy rápida e intensa recuperación económica. Las remesas de los emigrantes españoles en el exterior, alentadas por las expectativas de apreciación de la peseta tras el hundimiento bélico y el indulto para prófugos y desertores, impulsaron la expansión económica. Las remesas fueron mucho más importantes que la repatriación de capitales de las antiguas colonias y que la inversión de capital extranjero.

Palabras clave: economía de las migraciones, remesas, flujos internacionales de transferencias.

Resumé

LES EXPÉDITIONS DES
ÉMIGRANTS AU SEIN DE LA
MODERNISATION DE
L'ÉCONOMIE ESPAGNOLE À
LA SUITE DE LA CRISE
COLONIALE (1898-1913)

Jordi Maluquer de Motes

La crise produite par les guerres coloniales de la fin du siècle (1895-1898) et la l'ultime défaite face aux États-Unis fut suivie d'une intense et rapide récupération économique. Les expéditions d'émigrants espagnols à l'étranger, encouragées par les possibilités d'appréciation de la peseta à la suite de l'effondrement et de l'indulte pour les fuyitifs et les déserteurs, stimulèrent le développement économique. Les expéditions furent bien plus importantes que la répatiation de capitaux des anciennes colonies et que l'investissement de capital étranger.

Mots clé: économie des migrations, expéditions, flux internationaux de virements.

